



# ACTIVIDADES DO MUSEO E DA ASOCIACIÓN DE AMIGOS

---

Felipe Arias Vilas

---

Como xa indicabamos no anterior número de *CROA*, este relatorio de actividades referirase ó período que media entre a publicación da nosa revista anual, e posto que o constrinximento orzamentario obriga a organizar aquelas nun tempo limitado do ano, dito relatorio debe limitarse a un período inferior ó ano, concretamente neste caso ó que vai entre maio de 2013 e abril de 2014, aínda que algúns datos –como o dos visitantes– séguense facendo polo cómputo de anos naturais. En todo caso, estas liñas reflicten as accións do Museo e, tamén, da súa Asociación de Amigos, pois é ben sabido que esta vén ofrecendo desde a súa creación en 1989 un notable apoio e colaboración no desenvolvemento de practicamente todas as funcións museísticas deste centro como máis abaixo se menciona.

Resumimos aquí, pois, aquelas actividades ordenándoas por apartados relacionados precisamente con ditas funcións, actividades que foron incluída nos orzamentos da Dirección Xeral do Patrimonio Cultural, cun total de 71.288 euros en 2013 e con 38.313 euros (previstos) para 2014.

No relativo ó **incremento de fondos e ós labores de catalogación**, produciuse o ingreso de 1.413 pezas arqueolóxicas, co correspondente rexistro por medio da aplicación DOMUS. Un total de 124 das ditas pezas apareceron nos traballos de limpeza e restauración arqueolóxica no Castro de Viladonga (campaña de xuño a novembro de 2013), mentres o resto dos materiais, 1.289 obxectos, proceden doutros xacementos arqueolóxicos da provincia de Lugo, que son depositados provisionalmente neste Museo, por mor de diversas resolucións da Dirección Xeral do Patrimonio Cultural, destacando polo seu número os

achados procedentes da cidade de Lugo ou doutros xacementos senlleiros como a Punta da Atalaia de San Cibrao (Cervo) ou os castros de Formigueiros (Samos) e Castromaior (Portomarín).

Desde o mes de decembro, a maior parte dos fondos arqueolóxicos procedentes da cidade e provincia de Lugo, agás os do Castro de Viladonga e outros sitios da Terra Chá, gárdanse nun almacén externo habilitado pola Xunta de Galicia nos baixos dun edificio na zona de Abella - Abuín en Lugo (**foto 1**), consonte así mesmo coa Resolución daquela Dirección Xeral de data 26-12-2013.



Foto 1

Este Museo segue estando presente de xeito constante e actualizado na aplicación de ámbito estatal CER.ES cunha selección de 162 pezas coa súa fotografía e ficha completa.

En canto á área de **conservación e restauración**, no ano 2013 procedeuse á intervención e tratamento sobre un total de 129 pezas (89 de cerámica, 19 de ferro, 9 de bronce e 12 líticas) coa utilización das máquinas e aparatos *ad hoc*, baixo o control da restauradora do Museo e a colaboración -tan só durante tres meses- dun Bolseiro de Restauración asignado a este centro pola citada Dirección Xeral do Patrimonio Cultural.

Realízase un control permanente das condicións ambientais das salas, vitrinas e depósitos ou fondos de reserva con termohigrómetros dixitais e *data-loggers*, cun total anual de 42 medicións. Así mesmo, fixéronse varios informes valorativos sobre materiais arqueolóxicos depositados no Museo das Peregrinacións de Santiago de Compostela.

Executouse, a cargo da empresa BIC de Pontevedra e coa supervisión do Servizo de Arqueoloxía e do propio Museo, a 2ª fase dos traballos de consolidación e limpeza no Castro nos anos 2012 e 2013, realizados coa axuda de fondos europeos FEDER e que consistiron en dous rozados completos do xacemento e na restauración de 6 conxuntos de construcións ou "barrios" en varios lugares da acrópole do Castro, traballos dos que se dá cumprida conta nun artigo deste mesmo número de *CROA*.

No ano 2013, os **visitantes** do Museo (con entrada) foron 15.301, mentres as visitas ó Castro (de xeito libre e permanente) foron aproximadamente unhas 17.300.

Confírmase como unha característica deste Museo a gran diversificación do seu público visitante, do cal o 58 % correspondeu a visitas individuais ou familiares, que diminuíron levemente dun ano para outro, mentres o 42 % foron grupos (maiormente escolares) que é precisamente onde se produciu un lixeiro aumento (1%). Isto fai que o total de visitas ó Museo no ano 2013 se mantivese aproximadamente en números anteriores pois se produciu unha baixada de tan só o 0'6 % en relación ó ano 2012, cando é recoñecida de xeito xeral a incidencia da chamada crise económica nos ámbitos tanto turístico como cultural.

A **presenza do Museo** nos medios de comunicación acadou no período referido un nivel aceptable, recollendo as principais actividades realizadas ou servindo como referencia para outros temas relacionados co patrimonio cultural, se ben cómpre sinalar que isto non se produce nin coa frecuencia desexada nin sempre coa pertinente corrección de datos e informacións.

Viladonga tivo unha presenza relativamente destacada nalgúns medios por mor da concesión - o día 28 de outubro - do **Premio da Cultura Galega** do ano **2013** no apartado de Patrimonio Cultural a este Castro e Museo chairgo. Os Premios da Cultura Galega, que non teñen agora dotación económica, convócaos anualmente a Xunta de Galicia de xeito aberto á libre presentación de candidaturas e decídeos un xurado nomeado ó efecto. O Premio, en forma de diploma e unha serigrafía artística conmemorativa, foi entregado ó director do Museo o día 12 de decembro nun acto público celebrado no chamado Museo Gaiás da Cidade da Cultura de Santiago de Compostela. A dirección do Museo expresou o seu agradecemento en nome propio e dos traballadores do centro diante de numeroso público e unha ampla presenza institucional, así como unha boa representación das moitas persoas que fixeron posible que este conxunto patrimonial sexa hoxe o que é (**fotos 2 e 3**, de Luís Gabú). Existe un amplo dossier de prensa que obra no arquivo do Museo, e como Anexo a estas liñas inclúese o texto lido naquel acto de entrega.



Foto 2



Foto 3

---

Entre maio de 2013 e abril de 2014 sucedéronse, instaladas na Sala de Actos e de usos múltiples do Museo, varias **Exposicións Temporais**, todas elas concibidas como facilmente itinerantes por outros museos e todo tipo de entidades.

Xa desde o mes de maio e coincidindo co Día e a Noite dos Museos tivemos a mostra de carácter fotográfico titulada *A Noite dos Museos no Castro de Viladonga 2005-2012*, que coincidiu coa exposición, tamén de produción propia, sobre *Restauración e consolidación no Castro de Viladonga*, composta de paneis con información escrita e gráfica dos traballos realizados nos anos 2012 e 2013 no xacemento anexo ó Museo.

No mes de outubro, as dúas mostras anteriores foron substituídas pola de *Arqueoloxía e sociedade. Os torques de Vilar do Monte (Sarria)*, con catro paneis informativos e unha vitrina que expón as dúas xoias castrexas achadas de xeito casual e depositadas en 2004 neste Museo (**Foto 4**).



Foto 4

Por último, desde marzo de 2014 comparten a devandita sala a mostra anterior e outra de carácter fundamentalmente didáctico e complementaria da exposición permanente do Museo, titulada *A moeda como documento histórico. A colección numismática do Museo do Castro de Viladonga*.

Entre os **proxectos de divulgación e difusión do Museo**, hai que citar a elaboración dos materiais escritos e gráficos, referidos tanto ó Castro como ó Museo, para a súa utilización no sitio web institucional exclusivo sobre Viladonga (que está pendente de actualización por parte da Xunta de Galicia), e tamén para o posible uso no futuro nas salas do Museo ou noutros sitios web relacionados directamente co

conxunto arqueolóxico e museístico de Viladonga. Estes materiais complementan as visitas virtuais xa realizadas en anos anteriores pola empresa Studo 3D (Rubén Pintor) coa información subministrada polo Museo e baixo a dirección do seu persoal técnico.

Neste ámbito dixital, tamén se aportaron os textos e ilustracións solicitados polo Servizo de Museos para a elaboración do chamado, de xeito xenérico e provisional, "Portal de Museos galegos".

Como xa indicamos máis veces, este Museo, coa moi estimable colaboración da súa Asociación de Amigos, puxo sempre un especial empeño nas **Actividades de Educación e Acción Cultural**.

Ademais das realizadas de xeito habitual como vinculadas ás áreas de difusión e comunicación a través das salas de exposición, cómpre salientar a realización das seguintes **accións no ámbito educativo**:

- Desenvolvemento de 11 obradoiros arqueolóxicos para ensino primario (8) e para ESO (3) entre os meses de xaneiro e xullo do ano 2013, consistentes na explicación, medición e análise de diferentes elementos estruturais do Castro.

- Desenvolvemento de 4 obradoiros numismáticos para ensino primario (3) e para universitarios (1), con explicación e posta en práctica do sistema de cuñaxe, valores monetarios romanos, etc.

- Reedición actualizada, coa colaboración da Asociación de Amigos, de material de traballo para educación infantil e para o 1º ciclo de ensino primario, consistente nun folleto titulado *O Castro, a túa historia* e edición, nova, dunha tira con sete moedas romanas recortables representativas das achadas no Castro.

- Actuacións, no mes de maio, do Mago Rafa para grupos de ensino infantil e primario.

- Representacións (tamén en maio) da obra de monicreques "Perico e o cangrexo" a cargo da Asociación Cultural Titirimaña, para grupos de ensino infantil e primario.

Outras actividades céntranse na semana vinculada ó **Día Internacional dos Museos**. Cómpre destacar a celebración do Día dos Museos (18 de maio) e, sobre todo, da Noite dos Museos (no ano 2013 o mesmo sábado 18 de maio), con actuacións musicais



(conferencia-concerto sobre música popular galega a cargo de Mini e Mero **(foto 5)**, actuación de grupos de música tradicional -Os Valuros de Castro de Rei-), demostración de xogos populares pola Asociación O Cadaval de Pacios, recreacións histórico-arqueolóxicas (en colaboración coas asociacións *Caetra Lucensium*, *Lugdunum* e outras), e a visita nocturna ó Castro, todo isto realizado, como xa se dixo, coa colaboración imprescindible da Asociación de Amigos do Castro de Viladonga, que ofreceu uns xenerosos petiscos e queimada ós asistentes.



Foto 5

Como actividade complementaria dos traballos de consolidación e limpeza desenvolvidos no Castro nos anos 2012 e 2013 coa axuda dos fondos FEDER, e ademais da exposición temporal que se referiu máis arriba, debe destacarse a celebración das *I Xornadas sobre conservación en castros galegos*, que tiveron lugar no mes de xuño en Lugo (parte teórica) e no Castro de Viladonga (parte teórico-práctica, **foto 6**) coa



Foto 6

colaboración da Facultade de Humanidades da USC (Vicerreitoría de Cultura) en Lugo, coa participación de máis de cen asistentes. (Atoparase máis información sobre este tema noutro artigo, de Carolina Pérez, neste número de *CROA*).

En setembro tivo lugar no xardín do Museo, cun bo éxito de asistencia activa do público **(foto 7)**, unha visita guiada ó Castro e ó Museo, seguida dun concerto de percusión a cargo do grupo Odaiko Percussion Group, dentro da programación de **Espazos Sonoros** do ano 2013 realizada baixo a dirección e xestión artística e musical de Belén Bermejo.



Foto 7

Outras accións que repercutiron favorablemente no desenvolvemento das funcións deste Museo entran no campo da **bibliografía** e das publicacións. Despois de varios anos de carencias, púidose dispoñer no ano 2013 de suficientes recursos económicos para actualizar a compra de fondos bibliográficos para a biblioteca auxiliar e especializada do Museo (complementada cos numerosos intercambios mantidos con outras entidades).

O número de entradas rexistradas na biblioteca do Museo en 2013 foi de 274 rexistros (monográficos, series e actas, revistas novas...), mentres as entradas anuais das publicacións periódicas recibidas por compra ou por intercambio foron 32 no ano 2013, número en descenso ó desapareceren ou dilatárense no tempo moitas revistas ou pasaren outras a formato dixital só accesible en internet.

Hai que sinalar que a biblioteca do Museo vén sendo moi utilizada por todas as áreas do centro ademais do

---

seu uso externo semi-público, por exemplo para consultas de bibliografía en sala para traballos diversos (de curso, de fin de carreira, másteres...), así como para o envío de artigos, bibliografía, informacións e datos a través da rede e correo electrónico.

A maiores do sinalado, debemos salientar a edición das seguintes **publicacións**:

0 Edición actualizada e completamente renovada da Guía do Museo e do Castro de Viladonga, publicación en cinco idiomas de 298 páxinas e 174 ilustracións, con textos e fotografías a cargo do persoal técnico do Museo coordinado pola dirección do centro.

0 Edición do numero 23 (2013) do Boletín anual CROA, órgano de expresión científica e de difusión cultural do Museo e da súa Asociación de Amigos desde 1991, con traballos e artigos varios sobre temas relacionados co Castro e Museo de Viladonga e co patrimonio chairego, lucense e galego en xeral.

0 Reedición (non venal) dun folleto-guía de man (cuadríptico) do Museo e do Castro, publicado en versións galega, española, alemá, francesa e inglesa.

Nun apartado final sobre a **colaboración con outras institucións e entidades**, temos que lembrar que o Museo do Castro de Viladonga forma parte, como membro fundador, do Consello Galego de Museos co

que colabora de xeito activo e continuo; así, no ano 2013 participou na organización e celebración, no mes de outubro, do Coloquio sobre Museos e Sociedade hoxe en Galicia, patrocinado polo Consello da Cultura Galega.

Así mesmo, e por aplicación dos Convenios asinados coas Universidades galegas, realizaron as súas respectivas Prácticas académicas unha alumna do Máster de Servizos Culturais da Facultade de Humanidades da USC en Lugo e un alumno da Facultade de Humanidades da UDC en Ferrol. Ademais, véñse colaborando de xeito continuo coa dita Facultade de Humanidades da USC en Lugo co préstamo habitual de exposicións, visitas especiais de traballo no Museo e no Castro, charlas complementarias, etc.

Igualmente, hai que facer constar a relación e colaboración mutua con outras asociacións culturais, ben de Amigos do patrimonio cultural ben nun ámbito máis xeral, como é o caso do Club Cultural Valle-Inclán de Lugo, co que a nosa Asociación de Amigos ten establecida, entre outras cousas, unha colaboración estreita na organización e realización de viaxes culturais, sobre todo nas de contido fundamentalmente arqueolóxico como a que se fixo polos castros da zona NE lucense e do occidente asturiano (Taramundi, **foto 8**).



Foto 8



Por último, cómpre lembrarmos que, como se dixo na memoria do ano 2012, o Museo do Castro de Viladonga leva desde o ano 2004 a tutela técnica do chamado **Museo Etnográfico das Pallozas do Cebreiro**, conxunto patrimonial que orgánica e funcionalmente depende da Xefatura territorial da Consellería en Lugo e da Dirección Xeral do Patrimonio Cultural, en canto que é de titularidade estatal con xestión transferida á Xunta de Galicia desde o ano 1990. Así, hai que citar a reedición, en 2013, dos folletos de man -en varios idiomas- utilizados na visita das tres pallozas que se abren ó público, e tamén a execución, entre 2013 e 2014, de traballos de reparación do teito de colmo de tres pallozas (**foto 9**) por un importe aproximado de 24.000 euros, obra sufragada pola Subdirección Xeral de Conservación e Restauración de Bens Culturais.



Foto 9

## ANEXO

*(Texto lido polo director do Museo no acto de entrega do Premio da Cultura Galega 2013 ó Museo e Castro de Viladonga o 12 de decembro de 2013)*

De entrada, temos que agradecer moi fondamente que se nos conceda este Premio de entre as, afortunadamente aínda, moitas entidades e persoas que traballan polo patrimonio cultural galego e merecen por igual este recoñecemento. Ademais, queremos render aquí homenaxe póstumo a Ramón Falcón Rodríguez e a Manuel Chamoso Lamas, que a comezos dos pasados anos 70 promoveron o inicio dos traballos en Viladonga.

O Museo do Castro de Viladonga naceu para complementar de xeito decisivo a función patrimonial, cultural, social e educativa deste sitio arqueolóxico, e trata de cumprir cabalmente os seus fins como tal museo, é dicir, conservador, científico e didáctico no máis amplo sentido. O máis de medio millón de visitantes recibidos no Castro nestes case 30 anos de vida activa do Museo permiten supoñer que se escolleu o camiño correcto e adecuado, coas limitacións xerais e particulares que poida haber e coas melloras que sempre se poderían acometer.

Conscientes de que se trata dun conxunto patrimonial arqueolóxico e, por tanto, especializado e específico, tentamos que Viladonga sexa, e non só en Galicia, un modelo axeitado de conservación e posta en valor dun ben cultural por medio da integración e conxugación dun xacemento, presentado como unha ruína patrimonial consolidada, cun museo de sitio propiamente dito, que cumpra plenamente aquelas funcións que ten

encomendadas por lei, e que, por tanto, quere ofrecer un discurso rigoroso pero ó propio tempo cunha presentación amena e cunha clara orientación didáctica e comunicadora para toda a sociedade, galega e foránea.

Foi e é un traballo feito ós poucos desde 1983, ano a ano, mes a mes e día a día, tratando de solucionar moitos problemas e atrancos e esquivando algunhas pedras no camiño, contando coa axuda de varias administracións e tamén co apoio da chamada sociedade civil a través da nosa Asociación de Amigos -creada en 1989- e, por descontado, das moitas persoas que en Viladonga traballaron e traballan ó longo de tres décadas. Procuramos desenvolver así unha acción patrimonial e museal na que sempre se tivo en conta a súa situación nun medio natural e rural determinado, a certa distancia de entidades de poboación importantes pero ó tempo moi accesible desde estas, o que, por un lado, contribúe á súa singularización fronte a outras alternativas culturais do contorno e, por outro, facilita o acceso a todo tipo de público.

Cremos que este amplo abano de actuacións de conservación, investigación e difusión do coñecemento, coa utilización das novas tecnoloxías e das redes informáticas, facilita unha notable presenza do Museo no mundo da cultura e das comunicacións, co obxectivo de chegar a un público o máis numeroso e diversificado posible, xa que a súa vocación polo patrimonio cultural e a educación foi sempre irrenunciable e segue a selo mesmo nestes tempos tan críticos para estes aspectos fundamentais para a Humanidade e, por tanto, para este noso país.